

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de  
Estatística do día 29 de novembro de 2013

# **32-501 Enquisa de ocupación na pesca**

## **PROXECTO TÉCNICO**

### **1. Obxectivos e utilidades**

Os obxectivos principais da operación 32-501 Enquisa de ocupación na pesca, ademais de analizar os sectores da pesca e da acuicultura mariña en Galicia ámbolos dous de gran relevancia na economía galega, son:

- Coñecer a ocupación nas unidades de pesca e acuicultura mariña con porto base/asentadas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Avaliar a produción e as características económicas das ditas unidades.

### **2. Ámbito da investigación**

#### **Ámbito poboacional**

Para acadar os ditos obxectivos, considéranse as seguintes poboacións obxecto de estudo:

- Buques con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia que faenan en pesqueiras internacionais (ou Frota de Gran Altura), comunitarias (ou Frota de Altura) e Caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste (ou Frota de Baixura) segundo os datos que figuran no Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia extraídos a 31 de xaneiro do ano ao que se refira a enquisa.
- Establecementos de acuicultura mariña situados na comunidade autónoma tipo bateas, parques de cultivo mariño, criadeiras, granxas, liñas de cultivo e/ou gaiolas segundo a información que figura nas bases de datos para a Xestión de Cultivos Mariños de Galicia extraída o 31 de xaneiro do ano ao que se refira a enquisa.

A enquisa sobre estas poboacións cubre practicamente a división 03 “Pesca e acuicultura” da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-2009), agás o marisqueo a pé e a pesca continental do grupo 03.1 “Pesca” así como a acuicultura continental do grupo 03.2 “Acuicultura”.

As principais variables a investigar céntranse sobre a poboación ocupada nos sectores pesqueiro e acuícola no momento de facer a enquisa (xénero, idade, nacionalidade, situación laboral, formación, ...) así como as súas características económicas (cifra de negocios, destino das vendas, consumos....) do ano inmediatamente anterior aos referidos á ocupación. De xeito máis detallado, o anexo I recolle os cuestionarios coas preguntas a recoller e o protocolo (fluxo) empregado.

### **Ámbito xeográfico**

O ámbito xeográfico refírese aos buques con porto base en Galicia e aos establecementos de acuicultura emprazados no seu territorio

### **Ámbito temporal**

O ámbito temporal corresponderase cos períodos de referencia para o ano ao que se refira a enquisa no correspondente á poboación ocupada tanto na pesca como na acuicultura (ano N); así mesmo solicitaráselle a cada unidade enquisada información de datos económicos do ano inmediatamente anterior aos datos de ocupación (ano N-1).

### **Períodos de referencia**

Os períodos de referencia poderán ser distintos en función do tipo de unidade estatística en canto ao tipo de información recollida (de ocupación ou económica); do estrato do sector da acuicultura considerado; do tipo de variable así como do orzamento dispoñible para a contratación do proxecto. Distínguense os seguintes períodos de referencia:

- **Trimestral**

Será o trimestre inmediatamente anterior ao da realización da enquisa considerado como trimestre de ano natural (ano N). Este período de referencia será o que se deberá empregar para a obtención dos datos de ocupación do sector da pesca e dos estratos bateas e parques de cultivo do sector da acuicultura sempre que as condicións orzamentarias o fagan posible. Cando por motivos económicos, non sexa posible recoller a información cada trimestre, recollerase cada semestre pero mantendo o trimestre como período de referencia da información. Así, nestes casos, de cada unidade recollerase a información dos dous trimestres anteriores ao momento de realizar a enquisa correspondente ao ano de referencia da enquisa.

- **Anual**

Será o ano natural (ano N) para a obtención dos datos de ocupación do estrato criadeiros, granxas, liñas de cultivo e/ou gaiolas do sector da acuicultura. Ademais será o período de referencia empregado para a obtención dos datos económicos (ano N-1) tanto para o sector da pesca como para o de acuicultura.

## **3. Unidades estatísticas**

Temos dúas unidades as “empresas” e os “establecementos”. Os establecementos serán os buques e os establecementos de acuicultura (batea, parque...) con porto base/asentados na Comunidade Autónoma de Galicia namentres que por empresa entendemos a persoa física ou xurídica que baixo a súa responsabilidade se realiza unha actividade económica nun ou en varios establecementos.

As variables de ocupación (información sobre as persoas empregadas –tripulación-, ofertas de emprego e mareas feitas) recolleranse, para a pesca extractiva, referidas aos buques con porto base na comunidade; mentres que a información da acuicultura referirase ás empresas que teñen a titularidade dun ou varios establecementos.

As variables para contas económicas referiranse en ambos os dous casos ás empresas (e non só ao establecemento).

As unidades estatísticas da enquisa serán:

- O buque no caso de ocupación da pesca extractiva.
- A empresa no caso de ocupación de acuicultura mariña e nos casos de contas económicas da pesca extractiva e da acuicultura mariña.

As unidades informantes serán o armador da embarcación e o titular segundo figuran no Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia e nas bases de datos para a Xestión de Cultivos Mariños de Galicia respectivamente, xestionados pola Consellería do Medio Rural e do Mar.

#### **4. Deseño mostral**

Realizaranse dúas mostraxes independentes, unha en pesca extractiva e a outra en acuicultura.

##### **Pesca extractiva**

A unidade elemental de mostraxe será a embarcación. Extraerase unha mostra aleatoria estratificada en función do caladoiro e arte –ou conxunto de artes, ata un total de 10 estratos- xa que a arte e o caladoiro inflúen notablemente nas características dos buques e polo tanto na poboación ocupada neles.

O tamaño da mostra establécese de antemán por cuestións orzamentarias nun número de enquisas anuais que se repartirán entre os estratos. O número de enquisas repártese proporcionalmente nos diferentes estratos, agás para o estrato de artes menores xa que debido ao grande tamaño que ten este estrato comparado cos restantes, realizase unha afixación de compromiso. Así, para o ano 2013 estableceuse un número total de 616 enquisas e fixouse un número de 360 enquisas para o estrato de artes menores (en lugar das 540 que lle tocaría de repartila proporcionalmente).

En función das circunstancias propias da contratación administrativa e da dispoñibilidade de recursos económicos, as enquisas efectuaranse de xeito continuo ao longo do ano en 2 ou 4

vagas (unha por semestre ou trimestre respectivamente). O reparto da mostra por trimestres realizase para que a información represente a ocupación media do ano e mitigue a estacionalidade.

No suposto de realización das enquisas en 2 vagas (unha por semestre) e para aquelas variables que garden relación coa actividade, para o semestre que corresponda manterase a recollida de información diferenciada por trimestres.

A modo de exemplo, facilítanse os datos extraídos o 31/01/2013 do Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia e o tamaño da mostra resultante para enquisar con dous períodos de referencia (primeiro e segundo semestre do ano 2013):

| CALADOIRO                                       | ARTE DE PESCA          | POBOACIÓN<br>(BUQUES) | MOSTRA ANUAL | % DA<br>MOSTRA |
|---|------------------------|-----------------------|--------------|----------------|
| INTERNACIONAL<br>(Gran Altura)                  | ARRASTRE E CERCO       | 42                    | 18           | 42,86          |
|   | PALANGRE DE SUPERFICIE | 79                    | 32           | 40,51          |
| COMUNITARIO<br>(Altura)                         | PALANGRE DE FONDO      | 49                    | 22           | 44,90          |
|   | ARRASTRE               | 42                    | 18           | 42,86          |
| NACIONAL<br>CANTÁBRICO<br>NOROESTE<br>(Baixura) | ARRASTRE               | 84                    | 40           | 47,62          |
|   | ARTES MENORES          | 4.048                 | 360          | 8,89           |
|   | CERCO                  | 153                   | 70           | 45,75          |
|   | PALANGRE DE FONDO      | 25                    | 12           | 48,00          |
|   | PALANGRE DE SUPERFICIE | 58                    | 26           | 44,83          |
|   | ENMALLE                | 38                    | 18           | 47,37          |
| Totais  |                        | <b>4.618</b>          | <b>616</b>   | <b>13,34</b>   |

Reparto do tamaño de mostra no 2013 para os diferentes estratos das embarcacións con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta selección de unidades elementais proporciona a súa vez unha mostra de unidades primarias (empresas) con probabilidades desiguais.

### **Acuicultura**

As unidades da mostra serán as empresas. Unha empresa pode ser titular dun ou de varios establecementos de cultivos mariños.

Os establecementos de cultivos mariños clasifícanse por razón da súa natureza en:

- Criadeiros.
- Granxas mariñas.
- Parques de cultivo.
- Viveiros flotantes:
  - o bateas

- gaiolas
- liñas de cultivo

Dada a importancia que supoñen no conxunto de establecementos de cultivos mariños as bateas e os parques de cultivo, segundo a recentemente publicada Estratexia Galega de Acuicultura, 3.537 e 1.192 establecementos respectivamente (ESGA, 2012), separaranse estas dúas tipoloxías, nas que ademais abundan as persoas físicas e teñen un comportamento diferenciado do resto en canto á produción.

No caso das bateas, estratificarase segundo a tipoloxía da empresa e así, separase as persoas físicas das xurídicas e distinguimos se posúen unha ou varias bateas.

Considerarase os seguintes estratos: as empresas que posúen bateas que á súa vez estratífanse segundo a tipoloxía da empresa e o número de bateas; os parques de cultivo e resto de establecementos, considerando un único estrato criadeiros, granxas mariñas e o resto de viveiros flotantes (gaiolas e liñas).

Unha empresa pode ter varios establecementos da mesma ou incluso de diferente tipoloxía, neste caso o criterio, para a súa clasificación como “actividade principal”, foi:

- As empresas con bateas ou parques e algún establecemento de criadeiro, granxa, gaiola e/ou liñas asignáronse, na maioría de casos, ao estrato de criadeiro, granxas mariñas, gaiolas e liñas por considerar este como principal. Non se seguiu este criterio no caso de empresas cun número moi elevado de bateas, que se asignaron ao estrato correspondente de bateas.
- As empresas con bateas e parques considéranse dentro da poboación obxecto de estudo en ambos os dous estratos, mais non se introducen no marco para seleccionar a mostra, sendo representadas polas empresas con dedicación única de cada estrato.

Ao igual que na pesca, partimos dun tamaño de mostra anual fixo que se repartirá entre os estratos. Este reparto faise en función da heteroxeneidade dos estratos realizando unha afixación, de xeito que criadeiros, granxas mariñas, liñas e/ou gaiolas ingresan na mostra con probabilidade igual á unidade (estrato autorrepresentado); aos parques de cultivo asígnaselle unha mostra do 20% e para as bateas, dada a menor variabilidade no nivel de ocupación das empresas con menor número de bateas (persoas físicas/xurídicas 1 batea e persoas físicas con 2 ou máis bateas) aínda con ser os estratos máis numerosos, fíxase un número de enquisas que outorgue suficiente representatividade; o estrato de 50 e máis bateas ingresan na mostra na súa totalidade e os restantes estratos repártense de xeito proporcional.

No ano 2013, a partir dos datos extraídos o 31/01/2013 das bases de datos para a Xestión de Cultivos Mariños de Galicia que determinan a poboación de estudo, o reparto do tamaño da mostra para cada un dos estratos foi o que se amosa na táboa seguinte:

| TIPO DE ESTABLECEMENTO                             | TITULARIDADE                              | POBOACIÓN<br>(EMPRESAS) | MOSTRA ANUAL | % DA<br>MOSTRA |
|--|---|-------------------------|--------------|----------------|
| <b>CRIADEIROS, GRANXAS,<br/>LIÑAS E/OU GAIOLAS</b> |   | <b>31</b>               | <b>31</b>    | <b>100,00</b>  |
| <b>PARQUES DE CULTIVO</b>                          |   | <b>665</b>              | <b>140</b>   | <b>21,05</b>   |
| <b>BATEAS</b>                                      |   | <b>1998</b>             | <b>219</b>   | <b>10,91</b>   |
|  | PERSOAS FÍSICAS/XURÍDICAS<br>1 BATEA      | 1.271                   | 80           | 6,29           |
|  | PERSOAS FÍSICAS CON<br>2 OU MÁIS BATEAS   | 653                     | 109          | 16,69          |
|  | PERSOAS XURÍDICAS CON<br>2 A 9 BATEAS     | 51                      | 20           | 32,79          |
|  | PERSOAS XURÍDICAS CON<br>10 A 49 BATEAS   | 21                      | 8            | 38,10          |
|  | PERSOAS XURÍDICAS CON<br>50 E MÁIS BATEAS | 2                       | 2            | 100,00         |
| <b>TOTAIS</b>                                      |   | <b>2.694</b>            | <b>390</b>   | <b>14,42</b>   |

Reparto do tamaño de mostra no 2013 para os diferentes estratos das empresas de acuicultura asentadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para criadeiras, granxas mariñas, liñas e/ou gaiolas farase unha mostra nun único momento do ano.

## 5. Recollida e tratamento de datos

Temos dous módulos para a recollida de información:

- **Módulo xeral:** centrado nas variables de ocupación no sector pesqueiro e acuícola que á súa vez dispón de dous modelos de cuestionarios, un dirixido ao buque onde se recolle principalmente información da súa tripulación e outro referido á empresa de acuicultura moi similar ao de buques pero adaptado ás características deste sector.
- **Módulo de contas económicas:** referente á actividade do armador ou titular da empresa acuícola. Este módulo conta con dous tipos de cuestionarios, un dirixido ás persoas xurídicas no que se tentou adaptar as preguntas do cuestionario ao plan xeral de contabilidade e outro dirixido ás persoas físicas, máis reducido e cunha menor carga para o informante.

No cuestionario do módulo xeral de ocupación referido aos buques temos, ademais das variables identificadoras tanto do buque como do armador, información sobre as mareas realizadas, os postos de traballo ofertados e a tripulación. Teremos dous períodos de referencia da información (é dicir, anual para as contas económicas do sector da pesca e da acuicultura así como para a ocupación do sector de acuicultura tipo criadeiras, granxas, liñas

e/ou gaiolas; e trimestral para a pesca extractiva e sector de acuicultura tipo batea ou parque de cultivo). Para a información das mareas e das ofertas de emprego preguntárase polo/s trimestre/s anterior/es (en función do número de vagas establecido), de modo que en cada vaga obteremos unha estimación das mareas e das ofertas realizadas no/s trimestre/s inmediatamente anterior/es.

Os cuestionarios empregados xunto co fluxo e a codificación das variables recóllese, a modo orientativo, no anexo I deste proxecto. Ditos cuestionarios poderán verse modificados en función do coñecemento que se recolla das diferentes variables nas operacións estatísticas executadas; tamén poderán simplificarse en función da periodicidade de execución da operación estatística, eliminando preguntas da enquisa que non aporten nova información debido á proximidade temporal de recollida de información (a modo de exemplo inclúense no anexo II os cuestionarios empregados na operación do 2013). Os cuestionarios dixitalizaranse e desenvolveranse nunha aplicación que permita dirixir o fluxo do cuestionario en función das respostas dadas e a súa gravación para que unha vez rematada a entrevista, a información quede almacenada e se poida transmitir a un servidor central.

### **Método de selección da mostra**

#### Pesca extractiva

Do rexistro de buques obtemos unha listaxe de buques (con porto base na comunidade autónoma) xa clasificados por estrato, da que se extrae unha mostra aleatoria simple anual en cada estrato. A dita mostra anual divídese en vagas.

Como a unidade informante é o armador, e a este pode tocarlle varios buques na mostra no mesmo ou en diferentes estratos, terase que comprobar esta posible situación xuntando os diferentes estratos e agrupando os buques por armador. Así mesmo unha vez feita a selección anual, reordenaranse os buques seleccionados para que a aqueles armadores que presenten na mostra máis dun buque sexan enquisados na mesma vaga e molestar así o mínimo posible ao informante.

Esta mostra de buques proporciona unha mostra de tamaño igual ou menor de empresas, xa que podería ser que unha empresa teña na mostra a varias embarcacións. No caso de que teñamos unha empresa con varios establecementos na mostra (armadores que teñen máis dun buque), deberán cubrir un cuestionario de ocupación (módulo xeral) para cada un dos buques seleccionados e un único cuestionario económico referido á totalidade da actividade do armador na Comunidade Autónoma.

É posible que debido a incidencias no traballo de campo se faga necesario realizar substitucións ou sexa necesario entrevistar a un armador sobre outro dos seus buques despois de terlle preguntado xa por un deles. Nestes casos, imposibles de controlar *a priori*, o armador



soamente cubrirá o cuestionario xeral (de ocupación) do novo buque seleccionado e non se enquisará polo módulo económico ao xa terse cuberto na primeira visita.

### Acuicultura

A partir do rexistro de establecementos de acuicultura mariña, elaborase unha listaxe de empresas clasificando a cada unha delas nun estrato segundo se reflicte no apartado anterior. Unha vez clasificada cada empresa en cada estrato cóllese unha mostra aleatoria simple en cada un dos estratos, coa peculiaridade xa explicada das empresas con bateas e parques, que se divide en vagas agás no estrato de criadeiros, granxas mariñas e resto de viveiros flotantes (gaiolas e liñas).

### **Cuestionario**

O cuestionario cubrirase preferentemente mediante entrevista persoal. Poderán admitirse outras metodoloxías en casos de especial dificultade de recollida de información, como no estrato de criadeiros, granxas mariñas, liñas e/ou gaiolas do sector da acuicultura con elevado nivel de ocupación, no que se proporcionaría ao titular da empresa, cuestionarios referidos ao perfil do traballador para que os distribúa e se cubran entre o cadro de persoal da empresa para a súa posterior recollida; ou en casos puntuais dos comentados anteriormente nos que se podería utilizar a entrevista telefónica para a recollida de información con axuda dunha aplicación informática.

### **Plan de traballo**

Tal e como se explica no procedemento de selección, o traballo organizase a comezo de ano establecéndose as vagas e as enquisas a realizar en cada unha delas.

Tendo como obxectivo principal o de garantir a máxima cobertura de respostas e calidade da información, o plan de traballo estruturase en catro grandes fases:

- **Etapas preparatoria ou fase previa:** comprende todas as labores correspondentes para que o lanzamento do traballo de campo se produza nas mellores condicións de partida, tales como:
  - o Elaboración do arquivo das unidades que integran a mostra titular, así como a mostra de reserva que se empregará para emendar as incidencias producidas no proceso de enquisación. Este arquivo conterá datos de identificación e de contacto coas unidades a enquisar.
  - o Comunicación oficial de presentación da enquisa por parte da consellería ás entidades representativas do sector pesqueiro e acuícola así como aos titulares das unidades a enquisar, con indicación de teléfonos de información a disposición dos enquisados/as, todo iso ao obxecto de facilitar as posteriores labores de recollida de información.

- Contacto telefónico coas unidades mostrais ou informantes e revisión dos datos de localización.
- Confección e entrega dun manual da enquisa ao persoal encargado do traballo de campo, no que aparezan detalladas as normas para a correcta realización da enquisa e o tratamento de incidencias.
- **Xestión e preparación de infraestruturas informáticas:**
  - Elaboración do cuestionario en formato dixital e adaptación para o seu funcionamento en soporte informático.
  - Concreción da aplicación informática para gravar e transmitir os datos recollidos, que inclúa controis de rangos e fluxos do cuestionario en función das respostas, a súa gravación e validación parcial, así como identificadores do día e hora de realización da entrevista, do entrevistador, da unidade enquisada e a transmisión por medios seguros da información ao servidor que centralice a recollida.
- **Fase de recollida de información:** o traballo de campo para a realización da enquisa contará co cuestionario a empregar que figura, a modo orientativo, no anexo I. A enquisa administrárase ao informante e realízase preferentemente de xeito presencial no momento e/ou lugar que o informante designe previo contacto telefónico. Excepcionalmente para os casos xa comentados neste proxecto poderanse empregar outros métodos de recollida da información. En calquera caso, os enquisadores adaptaranse ao establecido no manual da enquisa. Poderase realizar unha ou sucesivas substitucións dunha unidade de mostra para casos de non localización ou especiais dificultades no traballo de recollida de información, e en ningún caso o tamaño da mostra fixado para a enquisa verase reducido. Realizaranse inspeccións de traballo de campo e comprobacións de incidencias (substitucións e negativas).
- **Fase de codificación e depuración:** levarase a cabo un exhaustivo control da información obtida na fase anterior (cumprimento de filtros e condicións de resposta, literais, preguntas en branco, excesivo número de ns/nc, ...) mediante unha revisión manual das inconsistencias que no seu caso poderían dar lugar a anulación do cuestionario e a súa correspondente substitución. Unha vez feita a reclasificación de literais e a gravación, farase unha revisión informática no proceso de depuración e resolveranse todas as incongruencias atopadas mediante contacto telefónico co armador/propietario informante.

Respecto ao calendario, este comprenderá os traballos necesarios para a recollida de información no que corresponde á poboación ocupada tanto na pesca como na acuicultura no ano de estudo (ano N) que se completará cun cuestionario sobre a actividade económica de cada unidade referida ao ano anterior (ano N-1). As mostras correspondentes a cada sector e estrato, subdividiranse en dúas/catro submostras que se enquisarán no calendario establecido en concordancia cos períodos de referencia da enquisa.

Como exemplo facilítase o calendario establecido para a Enquisa Ocupesca 2013:

| ANO  | PERÍODOS DE REFERENCIA   | XAN | FEB | MAR | ABR | MAI | XUÑ | XUL | AGO | SET | OUT | NOV | DEC |
|------|--|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|
| 2012 | PERÍODO DE REFERENCIA<br>(MÓDULO ECONÓMICO)  |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |
| 2013 | 1º PERÍODO DE REFERENCIA<br>(MÓDULO XERAL)   |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |
| 2013 | 2º PERÍODO DE REFERENCIA<br>(MÓDULO XERAL)   |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |
| ANO  | PLAN DE TRABALLO   | XAN | FEB | MAR | ABR | MAI | XUÑ | XUL | AGO | SET | OUT | NOV | DEC |
| 2013 | Preparación procedementos para efectuar a enquisa (20 días)  |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |
|      | Recollida de datos 1º período de referencia (módulo xeral) e/ou período de referencia módulo económico: traballo de campo e entrega de resultados. |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |
| 2014 | Recollida de datos 2º período de referencia (módulo xeral) e/ou período de referencia módulo económico: traballo de campo e entrega de resultados. |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |
|      | Datos definitivos da explotación e informe final sobre a Enquisa Ocupesca  |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |
|      | Publicación e difusión de resultados   |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |

Cronograma dos períodos de referencia e plan de traballo da Enquisa Ocupesca 2013

## 6. Procedemento de estimación

### Estimadores empregados

A mostra é aleatoria simple en cada estrato polo que para elevar os resultados dentro de cada un empregáranse os estimadores de simple expansión. Isto significa que para estimar o número de persoas ocupadas en Galicia nun determinado estrato  $h$  empregárase:

$$\hat{X}^h = N^h \frac{\sum_i X_i^h}{n^h} = \sum_i \frac{N^h}{n^h} X_i^h \quad (1)$$

sendo  $X_i^h$  o número de persoas ocupadas na unidade  $i$ -ésima do estrato  $h$ ,  $n^h$  é o número unidades na mostra do estrato  $h$  e  $N^h$  é o número de unidades da poboación do estrato  $h$ .

Como a mostra anual se reparte en 4 vagas de igual tamaño e cada vaga recolle a información dun trimestre, a estimación (1) onde se considera a mostra anual tomando xuntas as 4 vagas corresponde coa media aritmética das 4 estimacións de ocupación trimestral (empregando en cada unha delas a información dunha vaga).

Así pois, prescindido do índice do estrato, a estimación do número de ocupados no trimestre recollido na vaga  $v$  é:

$$\hat{X}_v = \sum_i \frac{N}{n_v} X_i \quad (2)$$

sendo o tamaño mostral por vaga a cuarta parte do tamaño mostral anual  $n_v = \frac{n}{4}$  e sendo  $X_i$  o número de ocupados do buque  $i$ -ésimo (recollido na vaga  $v$ ). Se facemos a media das catro estimacións (unha por trimestre) temos unha estimación media anual:

$$\hat{X} = \frac{1}{4} \left( \sum_{v=1}^4 \hat{X}_v \right) = \frac{1}{4} \sum_{v=1}^4 \frac{N}{n_v} \sum_{i=1}^{nv} X_i = \frac{N}{4n_v} \sum_{v=1}^4 \sum_{i=1}^{nv} X_i = \frac{N}{n} \sum_{i=1}^n X_i$$

Por tanto, **aínda que a mostra anual se reparta en 4 vagas** (unha por trimestre) **a estimación anual do número de ocupados obterase coa expresión (1)**, xa que esta é equivalente a facer as estimacións trimestrais a promedialas sempre e cando **o tamaño da mostra en cada vaga sexa igual** a cuarta parte da mostra anual.

Cando a mostra se reparta en dúas vagas e en cada vaga se recolle información de dous trimestres axústanse as fórmulas para recoller esta peculiaridade. Así, prescindido do estrato, consideramos que na vaga 1 se recollen os trimestres I e II e na vaga 2 os trimestres III e IV; o

tamaño anual divídese entre dous vagas de igual tamaño. A estimación dos ocupados nun trimestre  $t$  será:

$$\hat{X}^t = \sum_{i=1}^{n_v} \frac{N}{n_v} X_i^t \quad (3)$$

sendo  $X_i^t$  o número de ocupados do buque  $i$ -ésimo no trimestre  $t$  e  $n_v = \frac{n}{2}$ .

En cada vaga, teremos información dos ocupados nos buques en dous trimestres. Se queremos estimar a media anual de ocupados teremos que facer a media das estimacións dos catro trimestres:

$$\begin{aligned} \hat{X} &= \frac{1}{4} \left( \sum_{t=1}^4 \hat{X}^t \right) = \frac{1}{4} \left( \sum_{i=1}^{n_v} \frac{N}{n_v} X_i^I + \sum_{i=1}^{n_v} \frac{N}{n_v} X_i^{II} + \sum_{i=1}^{n_v} \frac{N}{n_v} X_i^{III} + \sum_{i=1}^{n_v} \frac{N}{n_v} X_i^{IV} \right) = \\ &\quad \text{(dado que a mostra anual é o dobre da mostra da vaga)} \\ &= \sum_{i \in \text{vaga1}} \frac{N}{2n} (X_i^I + X_i^{II}) + \sum_{i \in \text{vaga2}} \frac{N}{2n} (X_i^{III} + X_i^{IV}) \end{aligned}$$

Na expresión anterior, na parte da estimación correspondente á primeira vaga agregamos por buque ( $i \in \text{vaga1}$ ) e sumamos os tripulantes do buque no primeiro trimestre ( $X_i^I$ ) e os tripulantes do buque no segundo trimestre ( $X_i^{II}$ ) (multiplicados ambos os dous polo factor  $\frac{N}{2n}$ ).

De cada buque  $i$ -ésimo  $X_i^I + X_i^{II}$  (4) é o total dos tripulantes ocupados no buque no primeiro trimestre máis o total dos ocupados no segundo trimestre. Pero como cada tripulante pode estar no primeiro trimestre, no segundo ou en ambos os dous trimestres, a dita suma non corresponde co número de tripulantes dese buque enumerados no cuestionario.

Sexa  $Y_i$  ese número de tripulantes diferentes que tiveron algunha relación laboral co buque  $i$  no semestre, a relación entre a suma (4) e os tripulantes é

$$\begin{aligned} (X_i^I + X_i^{II}) &= \sum_{j=1}^{Y_i} 1_{\{U_{ij} \text{traballou\_no\_trimestreI}\}} + \sum_{j=1}^{Y_i} 1_{\{U_{ij} \text{traballou\_no\_trimestreII}\}} = \\ &\quad \sum_{j=1}^{Y_i} 2 \cdot 1_{\{U_{ij} \text{traballou\_en\_ambos}\}} + \sum_{j=1}^{Y_i} 1_{\{U_{ij} \text{traballou\_nun\_só}\}} \end{aligned}$$

sendo  $U_{ij}$  o tripulante  $j$ -ésimo do buque  $i$ -ésimo.

Entón, se agregásemos por tripulantes ademais de por buques teríamos:

$$\widehat{X} = \sum_{i \in \text{vaga1}}^{n_v} \sum_{j=1}^{Y_i} felev_{ij} + \sum_{i \in \text{vaga2}}^{n_v} \sum_{j=1}^{Y_i} felev_{ij} = \sum_{i \in \text{mostra}}^n \sum_{j=1}^{Y_i} felev_{ij}$$

onde

$$felev_{ij} = \frac{N}{n} \text{ se a unidade } U_{ij} \text{ (tripulante } j \text{ do buque } i) \text{ traballou en ambos os dous trimestres}$$

$$felev_{ij} = \frac{N}{2n} \text{ se a unidade } U_{ij} \text{ (tripulante } j \text{ do buque } i) \text{ traballou en un trimestre só}$$

sempre e cando **as mostras de buques de cada vaga sexan de igual tamaño**, e polo tanto a metade da mostra anual.

Para obter resultados a nivel global da pesca extractiva ou da acuicultura agregaranse os resultados por estratos.

No caso do módulo económico da pesca extractiva, as unidades son as empresas (en lugar dos buques). Isto implica por un lado, que os tamaños mostrais e poboacionais son diferentes aos de buques e polo outro, que non todas as empresas pertencentes ao mesmo estrato teñen a mesma probabilidade de saír. Malia isto, para obter as estimacións empregaranse os estimadores de simple expansión.

## 7. Difusión de resultados

Os datos da operación estatística difundiranse mediante unha publicación *on line* en versión PDF ou a través de libro interactivo en liña e en versión HTML (versión web) a través da plataforma tecnolóxica da pesca <http://www.pescadegalicia.com/>

Na pesca extractiva facilitaranse os datos por caladoiro e globais de ocupados, así como a súa distribución por xénero, idade, nacionalidade, distribución xeográfica, situación profesional, así como a facturación por caladoiro, euros por ocupado en cada estrato e a canalización das vendas por estrato principal.

No que se refire á acuicultura mariña, difundiranse os datos de ocupación por estrato, xénero, distribución xeográfica, nacionalidade, situación profesional así como a facturación por estrato.

A explotación de resultados realizarase ao máximo nivel de desagregación posible, tendo en conta o segredo estatístico así como a significación estatística.

## **Anexos**

**Anexo I: Cuestionarios tipo extenso empregados**

**Anexo II: Cuestionarios simplificados adaptados á enquisa 2013 e manual**

**Anexo III: Cuestionarios económicos e instrucións**



## Anexo I: Cuestionarios tipo extenso empregados

### CUESTIONARIO MODULO XERAL OCUPACIÓN: PESCA

#### DATOS DE IDENTIFICACIÓN

Matrícula do buque:  
 Código do enquisador:  
 Nº Cuestionario:  
 CFPO:  
 Nome do buque:  
 Nome do armador:  
 Enderezo:  
 Localidade:  
 Teléfono:  
 Código Postal:  
 Concello:  
 Provincia:

#### MODIFICACION DOS DATOS DE IDENTIFICACIÓN

Nome do armador:  
 Enderezo:  
 Localidade:  
 Código Postal:  
 Concello:  
 Provincia:  
 Teléfono 1:  
 Teléfono 2:

#### INCIDENCIAS

Marcar a opción correspondente para indicar a tipoloxía de incidencia ocorrida durante a adquisición de datos.

|  |    |
|--|----|
| <i>Enquisable</i> .....  | 1  |
| <i>Buque de baixa</i> .....  | 2  |
| <i>Buque incapacitado</i> .....  | 3  |
| <i>Inactivo temporalmente</i> .....  | 4  |
| <i>Inactivo de xeito permanente</i> .....  | 5  |
| <i>Paro biolóxico</i> .....  | 6  |
| <i>Negativa a colaborar</i> .....  | 7  |
| <i>Armador ilocalizable</i> .....  | 8  |
| <i>Armador ausente de xeito permanente</i> .....   | 9  |
| <i>Armador ausente temporalmente</i> .....   | 10 |
| <i>Armador falecido</i> .....  | 11 |
| <i>Armador non acude/acude pero non pode respostar nese momento/non ten todos os datos</i> | 12 |

Se o armador negase a colaborar:

¿Por qué motivo non quere contestar a enquisa?

|   |   |
|---|---|
| <i>Falta de interese/exceso de molestia</i> ..... | 1 |
| <i>Desconfianza sobre o uso dos datos</i> .....   | 2 |
| <i>Especificar outras razóns</i> .....            | 3 |
| <i>Non contesta (NON LER)</i> .....               | 4 |

Se está en paro biolóxico:

Aínda que esté en paro biolóxico, ¿segue o buque pescando algunha outra especie?

|                  |   |
|------------------|---|
| <i>Si</i> .....  | 1 |
| <i>Non</i> ..... | 2 |

¿O buque faena (ou faenaba)...?





|  |   |
|--|---|
| <i>No caladoiro nacional (augas exteriores)</i> .....            | 1 |
| <i>No caladoiro nacional (augas interiores)</i> .....            | 2 |
| <i>No caladoiro internacional (augas UE)</i> .....               | 3 |
| <i>No caladoiro internacional (augas terceiros países)</i> ..... | 4 |
| <i>Ns / Nc (NON LER)</i> .....                                   | 5 |

¿E a que arte se adica (ou se adicaba) este buque?

|                                     |   |
|-------------------------------------|---|
| <i>Artes menores</i> .....          | 1 |
| <i>Arrastre</i> .....               | 2 |
| <i>Cerco</i> .....                  | 3 |
| <i>Rasco (Enmalle)</i> .....        | 4 |
| <i>Volantas (Enmalle)</i> .....     | 5 |
| <i>Palangre de fondo</i> .....      | 6 |
| <i>Palangre de superficie</i> ..... | 7 |

Arte que figura na base:

---

## BLOQUE 1: FORMA XURÍDICA DO ARMADOR

B1\_1. O armador ao que pertence o buque é...

|                                   |   |
|-----------------------------------|---|
| <i>Unha persoa física</i> .....   | 1 |
| <i>Unha persoa xurídica</i> ..... | 2 |

B1\_2. ¿Qué tipo de persoa xurídica?

|   |    |
|---|----|
| <i>Persoa xurídica individual</i> ..... | 1  |
| <i>Comunidade de bens</i> .....         | 2  |
| <i>Sociedade civil</i> .....            | 3  |
| <i>Sociedade limitada</i> .....         | 4  |
| <i>Sociedade anónima</i> .....          | 5  |
| <i>Sociedade comanditaria</i> .....     | 6  |
| <i>Sociedade cooperativa</i> .....      | 7  |
| <i>Sociedade laboral</i> .....          | 8  |
| <i>Sociedade colectiva</i> .....        | 9  |
| <i>Outra (NON LER)</i> .....            | 10 |
| <i>Ns / Nc (NON LER)</i> .....          | 11 |

B1\_3. ¿Cal é, aproximadamente, a porcentaxe de participación estranxeira na sociedade?

Se non hai participación estranxeira= 0

Non sabe= 888

Non contesta= 999

---

## BLOQUE 2: DATOS DO BUQUE

Verificar os datos e, se hai modificacións, anotadas nos espazos correspondentes.

Código do buque no CFPO:

Anotar se hai modificacións:

Matrícula e folio:

Anotar se hai modificacións:

Nome do buque:

Anotar se hai modificacións:

Arqueo GT:

Anotar se hai modificacións:

Arqueo TRB:

Anotar se hai modificacións:

Potencia en CV:

Anotar se hai modificacións:



Eslora total (en m.):

Anotar se hai modificacións:

Porto base:

Anotar se hai modificacións:

Preguntar, non verificar

Tripulación mínima:

Tripulación habitual:

Non sabe= 88; Non contesta= 99

### BLOQUE 3: ACTIVIDADE DO BUQUE

B3\_1. Aproximadamente, ¿cantas mareas fixo dende principio de ano (ou comenzo da vaga ata hoxe)? Se di unha cifra concreta, anotala; se hai comentarios ou ten algún problema, anotar todo o que diga no espazo de observacións.

B3\_2. E tamén aproximadamente, ¿cantos días de marea fixo dende principio de ano (ou comenzo da vaga)? Se di unha cifra concreta, anotala; se hai comentarios ou ten algún problema, anotar todo o que diga no espazo de observacións.

### BLOQUE 4: PERFIL DAS OFERTAS DE EMPREGO NO BUQUE

B4\_1. Dende principio de ano (ou comenzo da vaga) ata hoxe, ¿tivo necesidade de buscar traballadores para o buque? ¿Realizou algunha oferta de emprego para traballar no barco?

*Sí, existiu a necesidade..... 1*  
*Non existiu a necesidade ..... 2*  
*Ns / Nc (NON LER)..... 3*

B4\_1BIS. ¿Cantas ofertas realizou dende principio de ano (ou comenzo da vaga ata hoxe) ata hoxe? Pedir que sexa o máis exacto posible.

### BLOQUE 4: PERFIL DAS OFERTAS DE EMPREGO NO BUQUE. OFERTA 1.

B4\_2. ¿Cal foi o posto de traballo que necesitaba?

*Patrón ..... 1*  
*Xefe de máquinas..... 2*  
*Contramestre..... 3*  
*Cociñeiro..... 4*  
*Mariñeiro..... 5*  
*Engraxador..... 6*  
*Outro..... 7*  
*Ns / Nc (NON LER)..... 8*

B4\_3. ¿Cal foi a situación profesional ofertada?

*Traballo por conta allea ..... 1*  
*Traballo por conta propia..... 2*  
*Ns / Nc (NON LER)..... 3*

B4\_4. No caso do traballo por conta allea, ¿cal foi o tipo de contrato ofertado?

*Indefinido ..... 1*  
*Temporal..... 2*  
*Ns / Nc (NON LER)..... 3*

B4\_5. E a duración prevista da xornada laboral...



|                        |   |
|------------------------|---|
| A tempo completo.....  | 1 |
| A tempo parcial.....   | 2 |
| Ns / Nc (NON LER)..... | 3 |

B4\_6. ¿Cal foi a formación mínima solicitada na oferta?

|                                 |   |
|---------------------------------|---|
| Non se especificaba .....       | 1 |
| Sen estudos.....                | 2 |
| Estudios primarios.....         | 3 |
| Estudios secundarios.....       | 4 |
| Formación profesional.....      | 5 |
| Universitarios medios .....     | 6 |
| Universitarios superiores ..... | 7 |
| Outra formación.....            | 8 |
| Ns / Nc (NON LER).....          | 9 |

Especificar outra formación:

B4\_7. ¿E a titulación pesqueira solicitada?

|   |    |
|---|----|
| Non se especificaba .....   | 1  |
| Capitán de pesca.....   | 2  |
| Electricista naval de 1ª clase.....                               | 3  |
| Electricista naval de 2ª clase.....                               | 4  |
| Frigorista naval.....   | 5  |
| Mariñeiro pescador.....   | 6  |
| Mariñeiro pescador (con restricción de mando) .....               | 7  |
| Mecánico de litoral.....  | 8  |
| Mecánico maior naval.....   | 9  |
| Mecánico maior naval (con restricción de xefatura) .....          | 10 |
| Mecánico naval.....   | 11 |
| Mecánico naval (con restricción de xefatura) .....                | 12 |
| Mecánico naval de 1ª clase.....                                   | 13 |
| Mecánico naval de 1ª clase (con restricción de xefatura) .....    | 14 |
| Mecánico naval de 2ª clase.....                                   | 15 |
| Mecánico naval de 2ª clase (con restricción de xefatura) .....    | 16 |
| Mecánico naval maior.....   | 17 |
| Mecánico naval maior (con restricción de xefatura) .....          | 18 |
| Patrón costeiro polivalente .....                                 | 19 |
| Patrón de 1ª clase de pesca litoral .....                         | 20 |
| Patrón de 1ª clase de pesca litoral (con restricción de mando) .. | 21 |
| Patrón de 2ª clase de pesca litoral .....                         | 22 |
| Patrón de 2ª clase de pesca litoral (con restricción de mando) .. | 23 |
| Patrón de altura .....  | 24 |
| Patrón de altura (con restricción de mando) .....                 | 25 |
| Patrón de litoral.....  | 26 |
| Patrón de litoral (con restricción de mando).....                 | 27 |
| Patrón de pesca de altura .....                                   | 28 |
| Patrón de pesca local.....  | 29 |
| Patrón local de pesca.....  | 30 |
| Outra titulación.....   | 31 |
| Ns / Nc.....  | 32 |

Especificar outra titulación:

B4\_8. Aproximadamente, ¿en que data comezou a realizar a oferta? ¿Cando, mais ou menos, tivo a necesidade de buscar a este traballador?

---

BLOQUE 5: PERFIL DA TRIPULACIÓN.

| Comunidade Valenciana.....       | 10 |
| Euskadi.....                     | 11 |
| Extremadura.....                 | 12 |
| Galicia.....                     | 13 |
| Illas Baleares.....              | 14 |
| Illas Canarias.....              | 15 |
| A Rioxa.....                     | 16 |
| Principado de Asturias.....      | 17 |
| Rexión de Murcia.....            | 18 |
| Ns / Nc (NON LER).....           | 19 |

B4\_6. Situación profesional

|  |   |
|--|---|
| Conta allea.....                           | 1 |
| Conta propia (rexime cotización 0825)..... | 2 |
| Axuda familiar.....                        | 3 |
| Outra.....                                 | 4 |
| Ns / Nc (NON LER).....                     | 5 |

Especificar outra situación profesional:

B4\_7. Grupo de cotización

B4\_8. Rexime de cotización

B4\_9. Tipo de contrato (Para traballadores por conta allea)

|                        |   |
|------------------------|---|
| Indefinido.....        | 1 |
| Temporal.....          | 2 |
| Ns / Nc (NON LER)..... | 3 |

B4\_10. Este contrato indefinido ¿é fixo discontinuo? (Para traballadores por conta allea con contrato indefinido)

|                        |   |
|------------------------|---|
| Sí.....                | 1 |
| Non.....               | 2 |
| Ns / Nc (NON LER)..... | 3 |

B4\_11A. Duración da xornada laboral

|                        |   |
|------------------------|---|
| A tempo completo.....  | 1 |
| A tempo parcial.....   | 2 |
| Ns / Nc (NON LER)..... | 3 |

B4\_11B. Para este traballador, ¿a acuicultura é a súa actividade principal ou non?

|  |   |
|--|---|
| Sí, é a súa actividade principal.....                  | 1 |
| Non, adícase a outra cousa e a pesca é secundario..... | 2 |
| Ns / Nc (NON LER).....                                 | 3 |

B4\_12. ¿Cal é o seu posto de traballo (función principal)?

Especificar outra:



**B4\_13. Formación máxima acadada**

|  |   |
|--|---|
| <i>Sen estudos</i> .....               | 1 |
| <i>Estudios primarios</i> .....        | 2 |
| <i>Estudios secundarios</i> .....      | 3 |
| <i>Formación profesional</i> .....     | 4 |
| <i>Universitarios medios</i> .....     | 5 |
| <i>Universitarios superiores</i> ..... | 6 |
| <i>Outra formación</i> .....           | 7 |
| <i>Ns / Nc (NON LER)</i> .....         | 8 |

Especificar outra formación:

**B4\_14. ¿Foi alta na Seguridade Social (ISM) no período de referencia ou xa traballaba anteriormente?**

|   |   |
|---|---|
| <i>Sí, foi alta</i> .....                     | 1 |
| <i>Non, xa traballaba anteriormente</i> ..... | 2 |
| <i>Ns / Nc (NON LER)</i> .....                | 3 |

Especificar data da alta:

**B4\_15. ¿É alta na Seguridade Social (ISM) por primeira vez?**

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <i>Sí</i> .....                | 1 |
| <i>Non</i> .....               | 2 |
| <i>Ns / Nc (NON LER)</i> ..... | 3 |

**B4\_16. ¿Foi dado de baixa na SS nestes meses ou segue traballando?**

|                                     |   |
|-------------------------------------|---|
| <i>Sí</i> .....                     | 1 |
| <i>Non, segue traballando</i> ..... | 2 |
| <i>Ns / Nc (NON LER)</i> .....      | 3 |

Especificar data da baixa:

**B4\_17. ¿Cal é o motivo da baixa? (Para traballadores que foron baixa)**

|   |   |
|---|---|
| <i>Finalización vida laboral</i> .....  | 1 |
| <i>Finalización contrato</i> .....      | 2 |
| <i>Cambio de traballo/empresa</i> ..... | 3 |
| <i>Despido laboral</i> .....            | 4 |
| <i>Outro</i> .....                      | 5 |
| <i>Ns / Nc (NON LER)</i> .....          | 6 |

Especificar outro motivo:

**B4\_18. Aproximadamente, ¿cantas horas traballa/traballaba nun día calqueira?**

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <i>De 6 a 8</i> .....          | 1 |
| <i>De 8 a 10</i> .....         | 2 |
| <i>De 10 a 12</i> .....        | 3 |
| <i>De 12 a 15</i> .....        | 4 |
| <i>De 15 a 24</i> .....        | 5 |
| <i>Ns / Nc (NON LER)</i> ..... | 6 |

Atención, se ten problemas en dicir o número de horas diarias, preguntar polo total de horas semanais ou mensuais e o número de días traballado na semana ou no mes, e anotalos no seguinte recadro. Se non é posible dar un número aproximado, anotar NS/NC.

---

**BLOQUE 5: OBSERVACIÓNS.**

Anotar as posibles observacións:

Agradecer colaboración e despedirse





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

Edificio Administrativo San Caetano  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono 981 54 62 86 – Fax 981 54 62 88

galicia

# **MANUAL DE AXUDA**

## ***OCUPESCA 2013***

**PARTE I: COBERTURA DO CUESTIONARIO XERAL**



## 1. INTRODUCCION

---

Ao contrario que no módulo de información económica, no sector da **pesca**, a información solicitada é referente só a do/s **buque**/s seleccionados na mostra.

No caso dos armadores que teñen máis dun buque, deberán cubrir un cuestionario de ocupación (módulo xeral) para cada buque (ou buques) seleccionados na mostra e un único cuestionario económico referido á totalidade da actividade do armador.

A información da acuicultura referirase ás **empresas** que teñen a titularidade dun ou varios establecementos, tanto na cobertura deste módulo xeral, coma no módulo de información económica

Así, as variables de ocupación recolleranse, para a pesca extractiva, referidas aos **buques** con porto base na comunidade; mentres que a información da acuicultura referirase ás **empresas** que teñen a titularidade dun ou varios establecementos.

O enquisador **non debe mencionar a opción NS/NC** que se mostra en moitas das cuestións. Desta forma non se condicionará a resposta do enquisado.

Un **traballador por conta propia ou autónomo** é aquel que realiza de forma habitual, persoal e directa unha actividade económica a título lucrativo, **sen suxeición por ela a contrato de traballo** e aínda que utilice o servizo remunerado doutras persoas, sexa ou non titular de empresa individual ou familiar.

Unha situación profesional considerada como "*Axuda familiar*" fai referencia á realización dun traballo non remunerado na empresa dun familiar co que convive.

## 2. TIPOS DE CUESTIONARIO:

---

CUESTIONARIO A PESCA: Este cuestionario estará destinado ao **establecemento** ou buque con porto base na comunidade.

**Período de referencia:**

**Trimestral**

Recollerase cada semestre, pero mantendo o trimestre como período de referencia da información. De cada unidade recollerase a información dos dous trimestres anteriores ao momento de realizar a enquisa.



CUESTIONARIO B ACUICULTURA: Este cuestionario estará destinado ás **empresas** que teñen a titularidade dun ou varios establecementos de acuicultura mariña.

***Períodos de referencia***

Distínguense os seguintes períodos de referencia:

**Trimestral**

Se empregará para a obtención dos datos de ocupación dos **estratos bateas e parques de cultivo**.

Recollerase cada semestre, pero mantendo o trimestre como período de referencia da información. De cada unidade recollerase a información dos dous trimestres anteriores ao momento de realizar a enquisa .

**Anual**

Será o ano completo 2013 para a obtención dos datos de ocupación do **estrato criadeiros, granxas, liñas de cultivo e/ou gaiolas do sector da acuicultura**.



### 3. CUESTIONARIO A PESCA:

O cuestionario consta de 5 bloques que conteñen as preguntas que se formularán á unidade informante (*o armador*) de cada unidade de mostra seleccionada (*o buque*). O obxectivo é a obtención de **datos básicos de cada un dos buques enquisados**, e definición de **perfís dos traballadores** que compoñen a tripulación. A continuación detállase o que se solicita a través de cada un dos bloques.

#### BLOQUE 1: FORMA XURÍDICA DO ARMADOR

Cumprimentarase por **todas as unidades informantes da mostra, é dicir, por todos os armadores dos buques ou representantes legais**, no seu defecto. Trátase de identificar de forma clara o ente propietario.

##### 1.- Persoa física ou xurídica

O armador ao que pertence o buque é una persoa física ou xurídica.

Se é xurídica, identificar o tipo. Se non é algunha das opcións, hai que marcar "Outra" e detallar o tipo de forma xurídica no espazo asignado para isto, ou marcar NS/NC. Estas últimas opcións, non lerllas ao enquisado.

Se a sociedade está participada por algunha empresa estranxeira, dirase a súa porcentaxe.

#### BLOQUE 2: DATOS DO BUQUE

**Verificar** os datos que nos facilitou a consellería e, se hai modificacións, anotalas nos espazos correspondentes.

Deseguido describíense os parámetros básicos de identificación do buque e as características técnicas asociadas ao desenvolvemento da súa actividade.

**1.- CFPO:** Dato numérico do buque que o clasifica dentro do Censo da Frota Pesqueira Operativa, pertencente ao Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño (ex. 2629).

**2.-Matrícula e folio:** Dato alfanumérico do buque, cos códigos identificadores baixo o formato *Matrícula / Folio* (ex. CO-4 / 241).

##### 3.- Nome

Nome oficial polo que se coñece o buque.

##### 4.- Arqueo (GT)

Medida de volume interno do buque en unidades de tonelaxe bruta (GT).

##### 5.- Arqueo (TRB)



Medida de volume interno do buque en unidades de tonelaxe de rexistro bruto (*TRB*).

O Arqueo en GT > Arqueo en TRB.

#### **6.- Potencia (CV)**

Potencia en unidades de cabalos vapor (*CV*).

#### **7.- Eslora total (m)**

Medida de dimensión do buque dende a proa ata a popa, en metros (*m*).

#### **8.- Porto base**

Porto no que normalmente atraca o buque cando non esta a faenar. Xuntarase coa aplicación informática unha listaxe de portos base nos que poden atracar en Galicia

#### **9.- Tripulación mínima**

Preguntar, non verificar a información deste apartado.

Número de persoas que compoñen a tripulación de seguridade que precisa para navegar.

#### **10.- Tripulación habitual**

Preguntar, non verificar a información deste apartado.

Número de persoas que habitualmente navegan e compoñen a tripulación do buque cando está en pleno exercicio do desenvolvemento da súa actividade.

### BLOQUE 3: ACTIVIDADE DO BUQUE

#### **B3\_1. Número de mareas**

Número de mareas que tiveron lugar e que remataron durante cada trimestre do semestre de referencia.

#### **B3\_2. Número total de días de mareas**

Número de días totais de mareas que tiveron lugar durante cada trimestre do semestre de referencia. É dicir, número de días totais que o buque pasa fora de porto, faenando.

### BLOQUE 4: PERFIL DA TRIPULACIÓN

Preguntar por cada tripulante en cada trimestre do semestre de referencia, contando tamén ao armador, no caso de que sexa armador explotador (que participa da actividade no barco). Incluír os tripulantes dados de baixa en cada período.

No suposto de ter máis de un tripulante, habería que imprimir e cumprimentar sucesivas follas do formulario "**BLOQUE 4**", especificando o número da serie de formularios no espazo en branco do título do bloque, ata describir completamente a tripulación que forma parte do buque durante o período de referencia.



A continuación facilitamos información só dalgún dos campos deste apartado, onde o vemos necesario:

#### **B4\_3. Data de nacemento**

Data de nacemento do tripulante segundo o formato "*día/mes/ano*".

#### **B4\_4. Nacionalidade**

Identificar a nacionalidade de cada tripulante.

Elixir unha das opcións anteriores e, nos supostos de "*Española e outra*" (*dobre nacionalidade*) e "*Estranxeiro*" será necesario indicar o país de procedencia.

#### **B4\_5. Comunidade Autónoma de última residencia**

No suposto de que a opción elixida no apartado anterior sexa "*Española*" ou "*Española e outra*" haberá que identificar a Comunidade ou Cidade Autónoma na que o tripulante estivo residindo os últimos anos.

#### **B4\_6. Situación profesional do tripulante**

Elixir unha das opcións, ("*Axuda familiar*" refírese á realización dun traballo non remunerado na empresa dun familiar co que se convive) ,

No suposto de marcar "Outra", especificar a outra situación profesional.

#### **B4\_7. Grupo de cotización**

A efectos de cotización, os traballadores e as empresas clasifícanse segundo os seguintes grupos.

- Grupo I (*fai referencia aos buques > 150 Ton de TRB*)  
Comprende aos traballadores por conta allea retribuídos a salario, e aos retribuídos á parte, que presten servizos en embarcacións dedicadas ao transporte marítimo ou traballen en embarcacións pesqueiras de máis de 150 toneladas de rexistro bruto e ás súas empresas. Ademais dos citados anteriormente, aqueles que opten, de acordo cos seus empresarios, por cotizar na mesma contía e forma que os retribuídos a salario.
- Grupo II-A (*fai referencia aos buques > 50,01 e <= 150 Ton de TRB*)  
Comprende aos traballadores por conta allea, retribuídos á parte, que presten servizos en embarcacións pesqueiras comprendidas entre 50,01 e 150 toneladas de rexistro bruto e ás súas empresas.
- Grupo II-B (*fai referencia aos buques > 10,01 e <= 50 Ton de TRB*)  
Comprende aos traballadores por conta allea, retribuídos á parte, que presten os seus servizos en embarcacións pesqueiras comprendidas entre 10,01 e 50 toneladas de rexistro bruto e ás súas empresas.
- Grupo III (*fai referencia aos buques <= 10 Ton de TRB*)  
Comprende aos traballadores por conta allea, retribuídos á parte, que presten servizo en embarcacións de ata 10 toneladas de rexistro bruto e ás súas



empresas. Tamén comprende aos traballadores por conta propia e autónomos, incluídos os armadores de pequenas embarcacións, sempre que realicen o seu traballo a bordo como técnicos ou tripulantes, o número total destes, incluído o armador, non exceda de cinco, e a embarcación non exceda de 10 toneladas de rexistro bruto.

Elixir un destes grupos de cotización e, no suposto caso de descoñecelo marcar “NS/NC”.

#### **B4\_8. Réxime de cotización**

Identificar os códigos de cotización do REM (*Réxime Especial do Mar*) dos tripulantes, tendo en conta o que inclúe cada código:

- 0811: traballadores do REM por Conta Allea do Grupo I
- 0812: traballadores do REM por Conta Allea do Grupo II-A
- 0813: traballadores do REM por Conta Allea do Grupo II-B
- 0814: traballadores do REM por Conta Allea do Grupo III
- 0821: armadores asimilados a traballadores por Cta. Allea do Grupo I
- 0822: armadores asimilados a traballadores por C. Allea do Grupo II-A
- 0823: armadores asimilados a traballadores por C. Allea do Grupo II-B
- 0825: traballadores Autónomos do Mar

#### **B4\_9. Tipo de contrato (*só para traballadores por conta allea*)**

Identificar o tipo de contrato, ou duración da relación laboral que teñen os traballadores por conta allea coa empresa.

Elixir unha opción, predominando sempre a que teña unha duración maior durante o período de referencia se é que hai un cambio dunha a outra.

**B4\_10.** No caso de marcar a opción “Indefinido” no apartado anterior, sinalar se ese contrato indefinido é fixo discontinuo

#### **B4\_11A Duración da xornada laboral**

Tanto para os traballadores por conta allea como propia.

- Tempo completo é para un traballador por conta allea, ou dedicación principal se nos referimos a traballadores autónomos
- Tempo parcial é para un traballador por conta allea, ou dedicación secundaria se nos referimos a traballador autónomos

Elixir unha opción, predominando sempre a que teña unha duración maior durante o período de referencia se é que hai un cambio dunha a outra.



#### **B4\_12.- Posto de traballo**

Función principal ou posto de traballo que ocupa cada tripulante, pola cal está contratado.

#### **B4\_13. Funcións do posto de traballo**

Identificar, se é que as hai, as outras funcións que desempeña o tripulante, que sexan diferentes das propias do posto de traballo para o que foi contratado (*ex. mariñeiro que realiza labores de cocina no buque*). Pódese marcar mais dunha.

#### **B4\_14. Alta na Seguridade Social no período de referencia** (Instituto Social de la Marina, en adiante ISM)

Mais información: [http://www.seg-](http://www.seg-social.es/Internet_1/LaSeguridadSocial/QuienSomos/InstitutoSocialde29421/index.htm?ID=29421)

[social.es/Internet\\_1/LaSeguridadSocial/QuienSomos/InstitutoSocialde29421/index.htm?ID=29421](http://www.seg-social.es/Internet_1/LaSeguridadSocial/QuienSomos/InstitutoSocialde29421/index.htm?ID=29421))

Especificar se o tripulante foi dado de alta na Seguridade Social dentro de cada trimestre do semestre de referencia.

#### **B4\_15. Alta na Seguridade Social (ISM) por primeira vez no período de referencia**

Se a anterior cuestión foi respondida afirmativamente, agora especificar se o tripulante que foi dado de alta inicia a súa vida laboral, é dicir, se este é o seu primeiro traballo.

#### **B4\_16.- Baixa na Seguridade Social no período de referencia (ISM)**

Especificar se o tripulante foi dado de baixa na Seguridade Social dentro de cada trimestre do semestre de referencia.

#### **B4\_17. Motivo da baixa definitiva na Seguridade Social (ISM)**

Se a anterior cuestión foi respondida afirmativamente, especificar o motivo polo cal foi dado de baixa na Seguridade Social dentro do período de referencia.

#### **B4\_18. Horas traballadas (h) diarias**

Inserir o número de horas total traballadas **por día** polo tripulante durante cada trimestre do semestre de referencia. Consultar ao armador o número de horas traballadas por semana, ou mes e facer o cálculo para estimar e introducir as horas diarias. De descoñecelo, marcar NS/NC.

#### **19.- Código de tripulante**





Se o tripulante repite posto de traballo formando parte da tripulación durante o período de referencia, hai que indicar só o código e as posibles variacións que haxa respecto da información cumprimentada anteriormente nos demais apartados (*apartados 17, 16, 15, 14, etc. ata o 1*)

#### BLOQUE 5: OBSERVACIÓNS

Indicar as observacións que poidan xurdir durante os procesos de recollida de información, depuración ou gravación.

#### **4. CUESTIONARIO B ACUICULTURA:**

---

Non se detallan os apartados, pois para a maioría pódese utilizar o explicado tanto na introdución deste documento, coma no Cuestionario A PESCA.

### **Anexo III: Cuestionarios económicos e instrucións**

Indique a unidade de conta elixida para cubrir a información económica, e lembre que deberá mantela nesta sección do cuestionario

Datos económicos en:  EUROS  MILES DE EUROS

**1. Datos de persoal (persoal medio no ano 2012) e gastos de persoal**

Persoal asalariado  Persoal non asalariado

Gastos de persoal (a+b)

a) Soldos e salarios ((640),(641),(6450))

b) Cotizacións sociais, cargas sociais ((642),(643),(649))

Non compute neste apartado as cotizacións sociais ao réxime por conta propia

**2. Información económica**

Importe neto da cifra de negocios (a+b)

(desagregar destino no apartado 3)

a) Ventas (70-705)  b) Prestación de servizos (705)

Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación ((6930), 71\*, 7930)

Traballos realizados pola empresa para o seu activo (73)

Aprovisionamentos (a+b+c)

a) Consumo de mercadorías ((600), 6060,6080,6090, 610\*)

(compras de produtos para revender sen transformar)

b) Consumo de materias primas e outras materias consumibles ((601),(602),6061,6062,6081,6082,6091,6092,611\*,612\*)

c) Traballos realizados por outras empresas ((607))

(Subcontratas de traballos relacionados coa súa actividade económica)

Outros ingresos de explotación (75, 740, 747)  Dos cales subvencións (740, 747):

Servizos exteriores (62)

**3. Distribución das vendas por tipo de cliente**

Indique a distribución das vendas por tipo de clientes

%

A. Desembarcos ou primeira venda fóra de Galicia  %

Indique os principais portos:

B. Desembarcos ou primeira venda en Galicia  %

B1. Lonxa  %

B2. Hostalería  %

B3. Industria (conserva e conxelado)  %

Indique as principais fábricas:

B4. Comerciante polo xunto e outros intermediarios  %

Indique os principais intermediarios:

B5. Consumidor final  %

B6. Depuradora  %

B7. Cooperativa ou asociación de produtores  %

Indique as cooperativas ou asociacións de produtores

B8. Outros (indicar)  %

Indique outro tipo de clientes, non recollido nos apartados anteriores

DEBE SUMAR 100%

**DEBE SUMAR B**

B = B1 + B2 + B3 + B4 + B5 + B6 + B7 + B8

Indique a unidade de conta elixida para cubrir a información económica, e lembre que deberá mantela nesta sección do cuestionario

Datos económicos en:  EUROS  MILES DE EUROS

**1. Datos de persoal (persoal medio no ano 2012) e gastos de persoal**

Ademais de vostede traballou na explotación algunha persoa máis  Si  Non (saltar ao bloque 2)

Indique o número de persoas que traballaron con vostede e o número de meses:

Número de persoas

Número de meses no ano 2012

¿Cal foi a retribución bruta das persoas que traballaron con vostede e os gastos derivados para vostede?

**2. Información económica**

Total de vendas

¿No ano 2012 tivo algún tipo de ingreso derivado da súa actividade profesional, non rexistrado no apartado de vendas (comercio polo miúdo, servizos portuarios, reparación de barcos, ingresos derivados do turismo, etc.)?

Non  Si → Indique a contía aproximada dos ditos ingresos

Consumo de materias primas e outras materias consumibles

Servizos exteriores prestados por terceiros

**3. Distribución das vendas por tipo de cliente**

Indique a distribución das vendas por tipo de clientes

%

A. Desembarcos ou primeira venda fóra de Galicia  %

Indique os principais portos:

B. Desembarcos ou primeira venda en Galicia  %

B1. Lonxa  %

B2. Hostalería  %

B3. Industria (conserva e conxelado)  %

Indique as principais fábricas:

B4. Comerciante polo xunto e outros intermediarios  %

Indique os principais intermediarios:

B5. Consumidor final  %

B6. Depuradora  %

B7. Cooperativa ou asociación de produtores  %

Indique as cooperativas ou asociacións de produtores

B8. Outros (indicar)  %

Indique outro tipo de clientes, non recollido nos apartados anteriores

**DEBE SUMAR B**

$B = B1 + B2 + B3 + B4 + B5 + B6 + B7 + B8$

DEBE SUMAR 100%

## OCUPESCA: INSTRUCCIÓN PARA A COBERTURA DO MÓDULO DE INFORMACIÓN ECONÓMICA

### IMPORTANTE:

1. No sector da pesca, a información solicitada é referente á actividade do armador, é dicir ao conxunto da súa actividade pesqueira, e non só a do/s buque/s seleccionados na mostra. Pode ocorrer que un armador teña máis dun buque e que non todos os seus buques sexan seleccionados para a mostra. En calquera caso, o cuestionario económico sempre se refire á totalidade da actividade do armador, aínda que o cuestionario de ocupación referirase unicamente aos buques seleccionados na mostra. No caso dos armadores que teñen máis dun buque, deberán cubrir un cuestionario de ocupación (módulo xeral) para cada buque (ou buques) seleccionados na mostra e un único cuestionario económico referido á totalidade da actividade do armador.
2. A información solicitada neste apartado é referida ao ano 2012.
3. Tódolos datos económicos deben ser cubertos na mesma unidade de medida. No cuestionario dáse a opción de cubri-lo en euros ou miles de euros. A unidade elixida debe manterse en todo o cuestionario.

**Tipos de cuestionario:**

**CUESTIONARIO 1:** Este cuestionario estará destinado a aqueles buques que sexan propiedade dun armador constituído en sociedade, ou ben a un produtor acuícola constituído en sociedade. A lexislación empresarial obriga as ditas empresas a elaborar unha contabilidade e depositar as súas contas no rexistro mercantil. Este cuestionario adáptase no principal ás variables contables que as ditas empresas deben entregar no rexistro mercantil. Para facilitar a comunicación con este tipo de enquisado inclúense no cuestionario os códigos das contas segundo o vixente Plan Xeral de Contabilidade. Isto é, no cuestionario solicítanse datos contables do período 2012 que as empresas deben ter pechados cando se lles faga a entrevista.

**CUESTIONARIO 2:** Este cuestionario vai destinado a aqueles buques propiedade dunha persoa física e aos propietarios de establecementos de acuicultura NON constituídos en sociedade.

**NOTA: Estas instrucións redactáronse seguindo o cuestionario tipo 1, por ser máis completo.**

## **BLOQUE 1: Datos de persoal e gastos de persoal**

Neste apartado indícase o persoal medio do ano 2012 que traballou na explotación. Exemplo: unha persoa que traballase 6 meses de 2012 na explotación contará como 0.5

**Persoal asalariado:** é persoal asalariado toda persoa que, mediante un acordo, traballa para outra unidade (empresa ou persoa física) e recibe unha remuneración. Enténdese asalariado aínda que o contrato sexa a tempo parcial, e o acordo laboral pode ser formal ou informal. A remuneración pode consistir nos habituais soldos e salarios, primas, retribución do traballo a *destajo*, a quendas, asignacións, honorarios, propinas, gratificacións, comisións e remuneración en especie (como por exemplo a *retribución á parte*).

*Exemplos: todo o persoal en nómina deben considerarse persoal asalariado. Tamén o persoal que non estea en nómina pero que teña un acordo estable co pagador. Un exemplo sería un autónomo que traballa de forma estable e continuada para o titular dunha explotación e percibe a cambio unha contraprestación económica.*

**Persoal non asalariado:** toda persoa que dirixe ou participa activamente nas tarefas da empresa sen recibir unha remuneración fixa ou salario. Inclúense os propietarios e socios activos, axudas familiares e outras persoas non remuneradas: representantes comerciais e outras persoas que estean remuneradas mediante comisións, e aínda que traballen para unha empresa, non están en nómina; propietarios, directores, ou xerentes, que teñan unha remuneración íntegra consistente en beneficios da sociedade; traballadores familiares que non sexan asalariados da empresa (os chamados axudas familiares); traballadores voluntarios non remunerados que producen bens (non servizos).

*Exemplos: un propietario dun buque que traballe nel considerarémolo a efectos desta enquisa persoal non asalariado xa que se entende que percibe un rendemento da súa actividade en forma de beneficio empresarial, non un salario. As axudas familiares que traballan sen remuneración explícita tamén se consideran persoal non asalariado.*

**Como norma xeral** todo aquel autónomo que traballe nunha sociedade de forma permanente será considerado para os efectos desta enquisa PERSOAL ASALARIADO. Se o autónomo é propietario da empresa será considerado PERSOAL NON ASALARIADO.

**Gastos de persoal (640, 641, 6450, 642, 643, 649):** inclúense neste apartado as retribucións ao persoal asalariado, calquera que sexa a súa forma ou concepto polo que satisfan, as cotas da Seguridade Social a cargo da empresa e tódolos demais gastos de carácter social.

**Soldos e salarios (640, 641, 6450):** retribucións, fixas e eventuais, ao persoal da empresa. Inclúe as remuneracións en especie.

**Cotizacións sociais, cargas sociais (642, 643, 649):** inclúe as cotas pagadas pola empresa a favor da Seguridade Social. Inclúe ademais: indemnizacións (exemplo: por despido ou xubilación anticipada), as achegas a sistemas complementarios de pensións e outros gastos sociais (exemplo: subvencións a economatos e comedores).

Neste apartado **non se incluírán** as cotizacións sociais aos réximes por conta propia que realice a empresa.

*Os enquisados constituídos en sociedade están obrigados a levar unha contabilidade na que reflectirán os gastos de persoal no apartado correspondente. No resto dos casos se o propietario do buque ou establecemento acuícola ten persoal asalariado deberá ter uns gastos de persoal asociados a dito persoal.*

*Nos cuestionarios sempre que haxa persoal asalariado deberá haber gastos de persoal. No cuestionario tipo 2 pregúntase explicitamente pola retribución bruta (inclúe os gastos de seguridade social que o empresario paga) das persoas que traballan na explotación.*

## **BLOQUE 2: Información económica**

**Importe neto da cifra de negocios (70):** é o resultado da actividade principal da empresa. É a suma dos dous apartados seguintes: Vendas e Prestación de servizos.

**a) Vendas (700, 701, 702, 703, 704, (706), (708), (709)):** importe total das vendas netas de pescado ou doutro tipo de produto vendido pola empresa. En todo caso son vendas netas, é dicir, descontados os “rappels” sobre vendas, devolucións, etc. A



valoración faise a prezo de venda, sen incluír gastos de transporte nin impostos que graven estas operacións.

*Neste apartado, polo tanto, incluírase tódalas vendas de produtos (peixe, marisco, etc.) derivadas da súa actividade principal.*

**b) Prestación de servizos (705):** é o importe total dos ingresos obtidos pola empresa durante o ano 2012, como contraprestación polos servizos prestados a outras empresas, persoas ou entidades. *Exemplos: ingresos por actividades turísticas vinculadas á actividade pesqueira, transporte marítimo de mercadorías; armador que preste servizos de reparación de buques e que cobre a terceiros.*

**Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación ((6930), 71\*,7930):** fai referencia á diferenza entre o valor das existencias producidas pola unidade e que aínda non se venderon a final do período e ó inicio do período. É dicir, sería o resultado desta operación: Existencias finais de produtos rematados – Existencias iniciais de produtos rematados. Dado que os produtos da pesca son perecedoiros, entendemos que **non haberá contías significativas neste caso.**

**Traballos realizados pola empresa para o seu activo (73):** Gastos realizados **pola empresa** para o seu inmovilizado. Están incluídos tanto os gastos que incrementan o inmovilizado material (construción e/ou ampliación dos bens de inmovilizado material) como inmaterial (gastos en I+D, e outros, para a creación de bens de inmovilizado inmaterial).

*Neste apartado (partida contable contida nos modelos xenéricos de depósito de contas) o enquisado deberá indicar aqueles gastos realizados na construción de buques para a empresa, ou ben as grandes reparacións feitas pola empresa que supoñen un incremento do valor dos seus activos. É de esperar que haxa poucos cuestionarios con este dato.*

**Aprovisionamentos (60, 61\*):** esta partida inclúe os consumos de mercadorías, materias primas e outras consumibles e os traballos realizados por outras empresas.

- a) **Consumo de mercadorías ((600), 6060, 6080, 6090, 610\*):** son produtos adquiridos pola empresa para revender **no mesmo estado no que se**

adquiriron. É moi habitual nas empresas dedicadas ó comercio, e esta partida será igual a cero no caso de empresas que non teñan dentro das súas actividades ningunha actividade comercial.

- b) **Consumo de materias primas e outras materias consumibles ((601), (602), 6061, 6062, 6081, 6082, 6091, 6092, 611\*, 612\*)**: Produtos adquiridos pola empresa para utilizar no seu proceso produtivo. Son produtos, nunca servizos, e intégranse no proceso produtivo. *Exemplos: cebos, carnazas e alevíns, sal, aparellos de pesca, artigos de limpeza e pintura, envases, redes e xeo. Tamén se inclúe neste apartado o gasto en combustible.*
- c) **Traballos realizados por outras empresas ((607))**: Traballos que, formando parte do proceso de produción propia, se encargan a outras empresas. Non debe confundirse co pagamento dos servizos exteriores, que se solicitan en partes posteriores do cuestionario. *Normalmente esta variable, que ten pouca incidencia no sector pesqueiro, reflicte as subcontratas realizadas nunha empresa*

**Outros ingresos de explotación (75, 740, 747)**: inclúe outros tipos de ingresos obtidos pola empresa no ano de referencia. En particular falamos de ingresos por operacións en común, por arrendamentos, por comisión, por servizos ao persoal ou por servizos diversos, subvencións, etc.

*Exemplos: un armador posúe un almacén que aluga a un terceiro. O aluguer de almacéns non é a actividade principal do armador, pero é un ingreso derivado da súa condición de armador. Os ingresos derivados deste aluguer iría neste apartado.*

Dentro dos ingresos de explotación o enquisado deberá indicar as subvencións recibidas durante o ano 2012 calquera que fose a súa orixe.

**Servizos exteriores ((62))**: Son servizos prestados por terceiros, de natureza diversa adquiridos pola empresa. Son gastos que a empresa debe afrontar para o seu funcionamento. Inclúe gastos por alugueiros, reparación e conservación, servizos de profesionais independentes, gasto en transportes, seguros, servizos portuarios, gastos en electricidade e telecomunicacións (telefonía, internet, fax).

### **BLOQUE 3: DISTRIBUCIÓN DAS VENDAS POR TIPO DE CLIENTE**

Neste apartado o obxectivo é coñecer a distribución das vendas recollidas no apartado de importe da cifra de negocios (incluída no bloque 2) Solicítase unha distribución porcentual aproximada das súas vendas. As opcións do cuestionario serían:

- a. Desembarcos fóra de Galicia: aquelas vendas realizadas polos enquisados en portos fóra de Galicia. No caso de que o enquisado indique unha cifra neste apartado deberá indicar cales son os principais portos nos que desembarcou ao longo do ano 2012.
- b. Desembarco ou primeira venda en Galicia: vendas que pasan polas lonxas galegas ou por centros autorizados de primeira venda

No caso das vendas con destino a Galicia, deberá indicarse o destino inmediato:

- Lonxa: indicarse a porcentaxe de vendas que ten como destino inmediato a lonxa.
- Hostalería: indicarse a porcentaxe de vendas que ten como destino a hostalería sen pasar por lonxa
- Industria (conserva e conxelado): indicarse a porcentaxe de vendas cuxo destino inmediato é a fábrica transformadora, xa sexa conserva ou ben conxelado. No caso de que o enquisado indique unha cifra neste apartado deberá indicar cales son as principais fábricas de transformación do pescado ás que vendeu ao longo do ano 2012.
- Comerciante polo xunto e outros intermediarios: neste apartado indicarse que parte das vendas son compradas por un “maiorista” (comerciante polo xunto) ou ben por outro tipo de intermediario comercial non recollido noutros apartados, por exemplo, un pequeno supermercado. No caso de que o enquisado indique unha cifra neste apartado deberá indicar cales son os principais intermediarios aos que vendeu ao longo do ano 2012.
- Consumidor final: indicarse a porcentaxe de vendas cuxo destino inmediato é o consumidor final sen pasar nin por lonxa nin por ningún tipo de intermediario.
- Depuradora: indicarse a porcentaxe de vendas cuxo destino inmediato é a depuradora

- Cooperativa ou asociación de produtores: no caso das empresas acuícolas, en particular no caso das bateas, é frecuente que a súa produción sexa recollida por unha cooperativa de produtores que se vai encargar de vendelas. No caso de que o enquisado indique unha cifra neste apartado deberá indicar cal (ou cales) é a cooperativa ou asociación á que entrega a súa produción ao longo do ano 2012.
- Outros: neste apartado indicárase a porcentaxe de vendas cuxo destino sexa un cliente que non pode ser clasificado en ningún dos apartados anteriores. Solicitamos que indique cales son os clientes que entrarían neste grupo.